



FOLLA RESUMO DA PROGRAMACIÓN – CURSO 2007/08

MATERIA: **TECNOLOXÍA**

CURSO: 3º ESO A, B, C.

PROFESOR/A: Inés González Rodríguez (3ºA) e Xosé M. Rodríguez González (3ºB e 3ºC)

OBXECTIVOS

O ensino das Tecnoloxías nesta etapa terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Analizar os obxectos e sistemas técnicos para identificar os seus elementos e as funcións que realizan, explicar o seu funcionamento, utilízaos e controlalos de diversas formas, e recoñecer as condicións fundamentais que interveñen no seu deseño e construción.
2. Abordar con autonomía e creatividade, individualmente e en grupo, problemas tecnolóxicos traballando de forma ordenada e metódica para estudar o problema, recompilar e seleccionar información procedente de distintas fontes, elaborar a documentación pertinente, concibir, deseñar, planificar e construír obxectos ou sistemas que resolvan o problema e avaliar a súa idoneidade desde distintos puntos de vista.
3. Actuar de xeito dialogante, flexible, responsable e voluntario no traballo en equipo, na procura de solucións, na toma de decisións e na execución das tarefas encomendadas con actitude de respecto, cooperación, tolerancia e solidariedade.
4. Empregar as destrezas e os coñecementos necesarios para a análise, intervención, deseño, elaboración e manipulación de forma segura e precisa de materiais, obxectos e sistemas.
5. Expresar e comunicar ideas e solucións técnicas, así como explorar a súa viabilidade e alcance utilizando os medios tecnolóxicos, os recursos gráficos, a simboloxía e o vocabulario axeitados.
6. Adoptar actitudes favorables á resolución de problemas técnicos, desenvolvendo interese e curiosidade cara á actividade tecnolóxica, analizando e valorando criticamente a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a súa influencia na sociedade, no ambiente, na saúde e na calidade de vida das persoas.
7. Manexar con soltura aplicacións informáticas para buscar, almacenar, organizar, manipular, recuperar, presentar, compartir e publicar información, e empregar de forma habitual as redes de comunicación na propia formación, na busca de emprego e para acceder a servizos electrónicos administrativos ou comerciais.
8. Interesarse polos avances tecnolóxicos valorando criticamente a súa contribución á mellora do benestar social e individual, e incorporándoos ao seu facer cotiá.

CONTIDOS

1. O proceso tecnolóxico

- 1.1. A tecnoloxía
- 1.2. O proceso tecnolóxico.
- 1.3. Organización.

2. Hardware e sistema operativo

- 2.1. A linguaxe dos ordenadores.
- 2.2. Arquitectura dun ordenador.
- 2.3. O sistema operativo.

3. Ofimática: o procesador de textos, folla de cálculo e presentacións.

- 3.1. O ordenador en tecnoloxía
- 3.2. Procesador de textos.
- 3.3. Folla de cálculo.
- 3.4. Presentacións.

4. Internet

- 4.1. Servizos de internet.
- 4.2. Creación de páxinas web.
- 4.3. Transferencia ao servidor.

5. Materiais de usos técnico

- 5.1. Plásticos
- 5.2. Téxtiles
- 5.3. Materiais de construción.
- 5.4. Metais.

6. Expresión gráfica: sistemas de representación

- 6.1. Representacións de conxunto.
- 6.2. Normalización.
- 6.3. Acotamento.
- 6.4. Instrumentos de medida.
- 6.5. Programas de deseño CAD.

7. Mecanismos

- 7.1. Repaso de estruturas.
- 7.2. Mecanismos.
- 7.3. Mecanismos de transmisión lineal.
- 7.4. Mecanismos de transmisión circular.



- 7.5. Mecanismos de transformación do movemento.
7.6. Outros mecanismos.

8. Electricidade e electrónica

- 8.1. A electricidade
8.2. Magnitudes eléctricas e lei de Ohm.
8.3. Tipos de corrente.
8.4. Enerxía eléctrica.
8.5. Instalación eléctrica na vivenda
8.6. Electrónica
8.7. Xeración de electricidade.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

	Semanas	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
1. O proceso tecnolóxico	1	X		
2. Hardware e sistema operativo	4		X	
3. Ofimática	3			
4. Internet	3			X
5. Materiais de uso técnico	3			X
6. Expresión gráfica.	2	X		
7. Mecanismos	5		X	
8. Electricidade e electrónica	9	X		

AVALIACIÓN

O valor relativo na nota dos contidos conceptuais e procedimentais obterase en cada avaliación segundo o tanto por cento das sesións adicadas a cada un dos conceptos até esa avaliación. (Así por exemplo o primeiro trimestre hai 26 sesións de clase, se lle adicamos como temos previsto, 7 sesións a traballar contidos procedimentais o valor destes na nota será o $(7/26)*100 = 27$ e polo tanto os conceptuais o 73%). Poderase engadir maior peso relativo aos contidos procedimentais en función de actividades realizados na casa que os traballen: memorias, presentacións,...

Os contidos actitudinais avaliaranse en conxunto con conceptuais e os procedimentais, na medida que se realicen os traballos e se mostre esforzo e adicación. Porén perderanse puntos en funcións das faltas:

- **Faltas “leves” de actitude:** falta de puntualidade, non realizar os exercicios obrigatorios, non traer o material ou unha chamada de atención na aula. Resta: **0,25**.
- **Falta “moderada” de actitude:** toda aquela falta de comportamento na aula que o profesor considere de gravidade tal que o alumno debe abandonar a aula para non interferir no normal desenvolvemento da clase para “reflexionar” no corredor. Resta: **0,5**
- **Falta “grave” de actitude:** considerase así toda aquela que conleve un parte de incidencias. Resta: **1**.

O profesor indicará claramente cando se perdeu nota debido a unha falta de actitude e a razón.

As notas perdidas por faltas de actitude poderán ser recuperadas con actividades de reforzo se o profesor o considera axeitado.

En cada exame mostrarase o valor numérico das preguntas.

A nota obterase do seguinte xeito:

1. A nota de cada avaliación obtense facendo a media entre as distintas probas realizadas até ese momento (durante o curso, non só o trimestre) para cada tipo de contido, multiplicando entón polo peso relativo correspondente en función das sesións adicadas a ese contido e sumando o total. Porén, é preciso ter unha nota media mínima de 3,5 tanto nos procedementos coma nos conceptos para realizar a media e poder aprobar a avaliación.
2. Na avaliación seguinte poderanse realizar probas de recuperación dos contidos conceptuais que non fosen superados ata o momento, a nota obtida substituirá á nota anterior para obter de novo a media da avaliación que será empregada para a obtención da nota final de curso.
3. A nota final do curso é a media ponderada das notas de cada concepto realizadas durante todo o curso. Porén, poderase realizar unha proba final con contidos de todo o curso para mellorar a nota ou se o profesor o considera axeitado a superación do curso.

METODOLOXÍA

A metodoloxía está fundamentada en tres puntos:

A **adquisición dos coñecementos científico-técnicos** necesarios para a comprensión e desenvolvemento de actividades tecnolóxicas básicas. Nun segundo aspecto, a **adquisición da dimensión práctica** das capacidades para aplicarlas á análise, manipulación e transformación de obxectos e sistemas tecnolóxicos, transcendendo ao propio obxecto e integrándoo no ámbito social e cultural da época na que foi producido. En terceiro lugar, a posibilidade de **emular procesos de resolución de problemas prácticos**, a través dunha acoutada metodoloxía de proxectos, convértese no remate do proceso da aprendizaxe da etapa e adquire a súa misión de síntese globalizada das actividades precedentes.

Ademais faremos especial fincapé, aproveitando as calidades propias da área, en conseguir:

- Unha **aprendizaxe significativa:** o proceso de aprendizaxe adecuarase aos coñecementos e experiencias previas do alumnado, procurando activar a súa motivación, tendo en conta a diversidade de intereses, de necesidades e de capacidades.
- **Aprendizaxe personalizada:** tendo en conta a singularidade de motivacións, aptitudes e capacidades de cada un dos alumnos.

Fomentar aspectos de investigación-descubrimiento para lograr que os alumnos sexan **activos, participativos, cooperativos, pero tamén autónomos e críticos**.

Secuenciar, na medida do posíbel, actividades de reforzo e ampliación coa finalidade de respetar os diferentes ritmos de aprendizaxe, e polo tanto, un mellor tratamento da **diversidade**.

Fomentar o uso e o encariñamento da lingua galega. Facendo ademais especial fincapé nas novas acepcións técnicas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
I. E. S. PINTOR COLMEIRO

As Ferreiras, s/n • 36540 SILLEDA (Pontevedra)

Telf. 986 580904 • Fax 986 581069

Correo-e: ies.pintor.colmeiro@edu.xunta.es

